

Expediente IET: P-21-868
Proxecto: Parque eólico o Sobredo
Concello: Arbo (Pontevedra)
Promotor: Parque eólico O Sobredo SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 17/12/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra somete a informe do Instituto do parque eólico O Sobredo.

1. Antecedentes:

Con data do 30/03/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe emitiu informe sobre o proxecto de parque eólico O Sobredo, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 04/12/2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable sobre este proxecto. Finalmente, por Resolución de 30/11/2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas outorga autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

A presente solicitude é consecuencia do inicio dun novo procedemento.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (R-LPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico O Sobredo, de 18 MW, composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, centro de seccionamento, torre meteorolóxica, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 3,6 MW de potencia, cunha altura da buxa de 105 metros e cun diámetro de rotor de 136 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 2.038 m dun total de 3.187 m.



O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo VIII) no que se fai unha breve descrición das características do proxecto, a diagnose do estado actual da paisaxe xunto coa súa calidade e fragilidade, determina os impactos en base a visibilidade dando por último unha serie de medidas de integración paisaxística.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Costa Sur – Baixo Miño, na comarca paisaxística de O Condado – A Paradanta. Nas proximidades da infraestrutura atópase a AEIP-06-08 Monte San Nomedio a uns 6,5 km ao oeste, algo máis afastadas, a distancias que rondan os 12 km, aparecen outras áreas de especial interese paisaxístico bordeando dende o oeste ata o norte como son a AEIP-06-05 Monte da Picaraña, a AEIP-06-04 Castelo de Vilasobroso, a AEIP-06-03 Castro de Troña, a AEIP-08-15 Serra do Suído e a AEIP-06-02 Río Deva. No relacionado cos miradoiros, ao oeste localízanse o de San Nomedio a 1,8 km, o de San Fins a 1,9 km e o de Monte Nomedio a 6,8 km, ao noroeste aparece o miradoiro Coto da Vella a 3,5 km e o miradoiro da Piedade a 5,6 km. Cabe destacar a presenza do sendeiro PR-G 165 das Fragas e Levadas do Calvo e Deva a uns 4,3 km ao norte.

Os aeroxeradores sitúanse no sur dos montes da Paradanta, ao carón do pico de San Felipe de 552 m sobre o nivel do mar. Trátase dun ámbito con cumios suaves e de menor altitude que os situados ao norte e oeste, cubertos principalmente por matogueira e rochedo nas zonas máis altas, aparecendo plantacións forestais nas faldras das montañas así como mosaico agroforestal e viñedos ao pé das mesmas. Ao leste da montaña discorre o río Deva e ao oeste o río Cea, desembocando ambos no río Miño ao sur. Ao carón destes cursos fluviais localízanse numerosos núcleos de poboación, os máis próximos son o de O Covelo, A Pereira, As Searas e Paravedra, entre 700 e 900 de distancia. Os principais núcleos de poboación son o de Arbo a 2 k ao sur, A Cañiza a 9 km ao norte e a mesma distancia As Neves e Crecente ao oeste e ao leste respectivamente, a 5 km atópase Melgaço en Portugal. No relacionado coa principais vías de comunicación, a 4,5 km ao norte atópase a autoestrada A-52, a 1,7 km ao sur a estrada autonómica PO-400 e ao leste a estrada provincial PO-5002 e PO-5003.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe en base ao Catálogo das paisaxes de Galicia, analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade e calidade paisaxística do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade de cada aeroxerador e conxunta nun radio de 15 km así como dende os elementos de valor situados na contorna. Ao tempo achega infografías dende os puntos singulares complementadas cunha análise individualizada da visibilidade de cada aeroxerador dende os mesmos. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe durante a fase de construción e funcionamento. Por último establece as medidas protectoras e correctoras así como compensatorias definindo plans de restauración ambiental en fase de obra e de desmantelamento. Pola contra non se achega un estudo sinérxico dos efectos acumulativos con outros parques eólicos próximos, ao tempo que se indica como atenuante a temporalidade da instalación.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no proxecto, a infraestrutura será visible dende o 75 % da superficie da envolvente de 5 km, se ben, nun ámbito de 10 km, esta porcentaxe redúcese ao 25 %. Dada a orografía do entorno, a maior visibilidade do parque eólico producirase na ladeira orientada ao oeste do val do río Deva e na do val do río Ribadil, así como ao sur da infraestrutura. Non provocará unha gran afección ás AEIP próximas dada a topografía das mesmas, se ben os miradoiros de San Nomedio, San Fins e Coto da Vella, así como numerosos núcleos de poboación da contorna si se verán afectados. O proxecto provocará polo tanto unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido a súa posición dominante no relevo. Ademais provocará unha perda da





calidade estética e visual destes cumios, ao introducírense elementos alleos á paisaxe natural visibles dende a contorna e sobre todo dende os miradoiros e os núcleos de poboación máis próximos. Terá ademais unha gran incidencia visual no val do río Deva, véndose tamén afectado o val do río Miño. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía producida por outros parques en tramitación ou en funcionamento situados nas proximidades, segundo o Rexistro eólico de Galicia, o que provocará que en boa parte da superficie da envolvente de 15 km sexa visible algún aeroxerador.

Outros importantes impactos producidos, ademais dos visuais, derivan da realización de novos camiños e plataformas de montaxe que suporán un cambio na topografía máis inmediata da infraestrutura. Ademais, no caso da posición 3, poderanse ver afectados afloramentos rochosos existente na contorna.

6. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe producíranse debido á intrusión visual sobre os elementos de valor da paisaxe e os principais puntos de observación, así como a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades. Ademais pode supor un deterioro dos elementos naturais nalgunhas zonas de implantación da infraestrutura.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG. Deberase completar segundo as seguintes indicacións:

- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do R-LPPG, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción dos obxectivos e directrices.
- No relacionado coa determinación de medidas preventivas e correctoras do impacto do proxecto sobre os miradoiros e os núcleos máis próximos, deberase ter en conta a análise da visibilidade dende os mesmos levado a cabo no propio EIIP segundo se establece no artigo 30.1 do R-LPPG. En base a esta análise deberanse establecer as medidas preventivas pertinentes, a fin de minimizar a intrusión visual nas zonas de maior valor paisaxístico como son as AEIP. Considéranse medidas preventivas aquelas que, durante o proceso de deseño dun proxecto, evitan ou minimizan o seu impacto (artigo 30.2 do R-LPPG). Polo tanto deberanse completar as mesmas segundo o establecido no artigo 30 do R-LPPG e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - Deberase estudar a localización da posición 3 e o seu camiño de servizo, a fin de conservar os elementos de valor paisaxístico da zona como son os afloramentos rochosos (DX.17.a).4).
 - Para o centro de seccionamento, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, disporase unha pantalla vexetal no



perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do R-LPPG, deberán quedar oportunamente recollidas nos planos e orzamento do proxecto as medidas de integración paisaxística, como son a de creación de barreiras vexetais e a de revexetación.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

